



EXCMO. CONCELLO
D E
BAIONA
(PONTEVEDRA)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Nomeamento dos concelleiros membros da Xunta de Goberno Local.-

Resultando que trala nova elección de Alcalde, logo da renuncia do anterior, D. Jesús Vázquez Almuíña, por causa da súa designación como Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia e o abeiro do disposto no artigo 23 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 65 da Lei 5/97 de administración local de Galicia, artigo 52 do R.D.2568/1986 de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Xunta de Goberno Local se integra polo Alcalde e un número de concelleiros non superior o tercio do número legal destes nomeados e separados libremente por aquel dando conta ó Pleno.

En virtude das facultades que lle veñen conferidas a esta Alcaldía-Presidencia pola lexislación vixente, RESOLVO

Primeiro.- Nomear ós seguintes concelleiros como membros da Xunta de Goberno Local do Concello da Baiona,

- Dna. María Iglesias Fernández
- Dna. Ana Simóns Sánchez
- D. Policarpo Vilar Misa
- D. Raul Costas Lafuente
- D. José Ángel Bahamonde Rodríguez

Segundo.- Do presente Decreto darase conta ó Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre, notificándose ós designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da firma deste.

Baiona, 28 de outubro de 2015

O ALCALDE

Ángel Rodal Almuíña

